

Convenio	Importe	Data sinatura
Addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Sociedade para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia para a elaboración dunha base de datos toponímica de Galicia.	Non comporta incremento de gasto	28-10-2010
Addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular.	Non comporta incremento de gasto	10-11-2010
Convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a entidade <i>La Voz de Galicia, S.A.</i> para a elaboración e difusión de reportaxes sobre o Plan Impulsa Lugo e Ourense.	50.000 €	23-11-2010
Convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a entidade <i>El Progreso de Lugo, S.L.</i> para a elaboración e difusión de reportaxes sobre o Plan Impulsa Lugo.	100.000 €	23-11-2010
Convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a entidade <i>Grupo La Región</i> para a elaboración e difusión de reportaxes sobre o Plan Impulsa Ourense.	100.000 €	23-11-2010
Convenio entre o Consello Xeral do Poder Xudicial, a Xunta de Galicia, o Concello da Coruña, a <i>Fundación Caixa Galicia</i> , a entidade mercantil Banesto, o Colexio de Abogados da Coruña e o Consello Galego de Procuradores relativo á exposición <i>Las Huellas de la Justicia</i> que se celebrará durante os meses de outubro a novembro do 2010.	6.000 €	4-10-2010
Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Centro Galicia de Bos Aires.	45.000 €	16-12-2010
Convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia e o Consorcio contra Incendios e Salvamento das comarcas do Carballiño e O Ribeiro.	750.000 €	3-12-2010
Convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Seminario Galego de Educación para a Paz para colaborar na organización do Foro 2010 que se celebrará no mes de decembro en Santiago de Compostela.	11.000 €	3-9-2010
Convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Organización das Nacións Unidas para a Agricultura e a Alimentación.	Non ten contido económico	10-12-2010
Acordo de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas en materia de mobilidade.	Cesión de 2 vehículos	1-10-2010

## ANEXO II

### Convenios de colaboración subscritos pola Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza nos meses de xullo e agosto de 2010

Convenio	Importe €	Data sinatura
Convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a <i>Asociación de Cans de Salvamento de Galicia</i> en materia de protección civil.	8.500 €	23-8-2010
Convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Concello de Palas de Rei en materia de protección civil e cesión en propiedade dun vehículo todoterreo para a utilización en funcións de protección civil e emerxencias.	Un vehículo todoterreo	18-8-2010
Convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Federación Galega de Espeleoloxía en materia de protección civil.	4.000 €	2-8-2010
Convenio de colaboración entre o Ministerio do Interior e a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia, para o cumprimento de penas de traballo en beneficio da comunidade.	Non ten contido económico	29-7-2010
Convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Concello de Verín en materia de protección civil e cesión en propiedade dun vehículo todoterreo para a utilización en funcións de protección civil e emerxencias.	Un vehículo todo terreo	18-8-2010
Convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Agrupación Europea de Cooperación Territorial Galicia-Norte de Portugal (GNP, AECT).	226.213,78	24-8-2010
Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) para o desenvolvemento da administración electrónica nas entidades locais da comunidade autónoma de Galicia.	Non ten contido económico	13-7-2010

## CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*Orde do 12 xaneiro de 2011 pola que se anuncia a convocatoria de subvencións para a presentación de proxectos de fomento do uso do galego dos centros de titularidade privada de Galicia que imparten ensinanzas regradas de niveis non universitarios, para o curso escolar 2010-2011 (ED101A).*

A Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, en desenvolvemento das previsións dos artigos 3º.2 e 148º.1.17 da Constitución española e

mais do artigo 5º do Estatuto de autonomía de Galicia, establece a obriga dos poderes públicos de garantiren o uso normal do galego e do castelán (artigo 2º), así como que o galego, como lingua propia de Galicia, é lingua oficial no ensino en todos os niveis educativos (artigo 12º).

Así mesmo, no artigo 14º da citada lei establécese expresamente que a lingua galega é materia de estudo obrigado en todos os niveis educativos non universitarios e que se garantirá o uso efectivo deste dereito en todos os centros públicos e privados. No parágrafo 3 do mesmo artigo, encoméndaselles ás autoridades educativas da comunidade autónoma garantir que, ao remate dos ciclos educativos en que o ensino do galego é obrigatorio, o alumnado debe

coñecer esta lingua, nos seus niveis oral e escrito, en igualdade co castelán.

Nesta mesma liña, tamén se pronuncian a Carta europea das linguas rexionais e minoritarias de 1992, ratificada polo Goberno español en 2001, o Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega, aprobado por unanimidade no Parlamento de Galicia en setembro de 2004 e a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Deste obxectivo nace a necesidade de adoptar un conxunto de medidas de dinamización dirixidas á promoción da lingua galega nos centros educativos.

O Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, sinala a necesidade de afondar no desenvolvemento dos preceptos da Lei de normalización lingüística no tocante ao ensino. Pretende reforzar a dimensión comunicativa do galego en relación con contextos vivos e facilitarlle ao alumnado unha oferta educativa que o axude a percibir a utilidade da lingua e que o capacite para o seu uso correcto e eficaz, afastado de usos sexistas e respectuoso coa situación sociolingüística en que se enmarca cada centro. Con este obxectivo, a consellería competente en materia de educación establecerá un programa de actividades de fomento da lingua en cada centro educativo, no marco do seu proxecto lingüístico e coa participación de toda a comunidade educativa, con especial atención ás liñas de actuación que permitan un incremento do uso do galego nas actividades extraescolares e complementarias.

O devandito decreto regula, no artigo 15º, a constitución dun equipo de dinamización da lingua galega para potenciar o uso da lingua galega nos centros educativos sostidos con fondos públicos, así como a súa coordinación a través das respectivas comisións territoriais que se constituirán en cada xefatura territorial de educación. Estes equipos terán un papel fundamental no deseño, posta en práctica e revisión dos programas de promoción da lingua galega nos centros educativos, contarán co apoio técnico necesario e os centros educativos terán a debida dotación de recursos didácticos, pedagóxicos e material en galego.

Daquela, e co fin de valorar e apoiar o labor dos equipos de dinamización da lingua galega dos centros de ensino, considérase necesario, ao igual que en exercicios anteriores, convocar axudas para a presentación de proxectos de fomento do uso do galego. A achega económica que se asigne a cada proxecto determinarase segundo os criterios establecidos nos puntos 10 e 11 desta convocatoria.

Neste caso, segundo o establecido no artigo 2º.1 b) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as achegas económicas que se lles asignen aos proxectos con motivo desta convocatoria terán carácter de subvención, destinadas á execución dos proxectos de fomento do uso do galego polos equipos de dinamización da lingua galega dos centros de ensino privado. É por isto que as bases que rexen

esta convocatoria seguen o estipulado polo artigo 14º da devandita lei.

En consecuencia, en virtude das facultades que me confire o artigo 34º da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia,

### DISPOÑO:

Anunciar a convocatoria para a presentación de proxectos de fomento do uso do galego nos centros de ensino privado de Galicia para o curso escolar 2010-2011, segundo as seguintes bases:

#### 1. Obxecto.

A presentación e a realización de proxectos de fomento do uso do galego nos centros privados de ensino de Galicia, promovidos polos equipos de dinamización da lingua galega e polo profesorado responsable do proxecto naqueles centros de ensino de menos de tres unidades, durante o curso escolar 2010-2011, e o establecemento de axudas que apoién o seu financiamento.

#### 2. Destinatarios.

Os centros de titularidade privada de Galicia que imparten ensino regrado de nivel non universitario, calquera que for a forma xurídica que adopten, que cumpra os requisitos e condicións que se establecen nesta orde.

Os beneficiarios deberán cumprir os requisitos e obrigas sinalados nos artigos 10º e 11º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

#### 3. Requisitos.

Poderanse presentar a esta convocatoria todos os centros privados de ensino de Galicia. Os proxectos e as actividades desenvolvidas ao abeiro desta convocatoria deberán presentar e desenvolver de acordo coa vixente normativa ortográfica e morfolóxica do idioma galego fixada pola Real Academia Galega o 12 de xullo de 2003, tal e como se establece na disposición adicional da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística (DOG nº 84, do 14 de xullo). Así mesmo, coidarán o respecto da toponimia oficial nos termos previstos no artigo 10º da citada lei.

#### 4. Dotación orzamentaria.

O crédito destinado ao financiamento dos proxectos de fomento do uso do galego nos centros de ensino privados ascende á cantidade de 50.700 euros. Este crédito financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 09.03.151A.470.2 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia. Esta convocatoria segue a tramitación anticipada de expedientes de gasto, tal e como se dispón no punto 22.

#### 5. Prazo de presentación de solicitudes.

O prazo de presentación de solicitudes será dun mes desde a súa publicación.

## 6. Forma de presentación das solicitudes.

As solicitudes para participar nesta convocatoria realizaranse segundo o formulario que figura anexo a esta resolución.

As solicitudes, xunto coa documentación indicada no punto 7, dirixiranse aos gabinetes provinciais de normalización lingüística e presentaranse, preferentemente, nos rexistros destas delegacións ou tamén en calquera outro rexistro administrativo propio ou concertado da Comunidade Autónoma de Galicia, conforme o Decreto 164/2005, do 16 de xuño (DOG do 24 de xuño). Sen prexuízo de que tamén poderán presentarse segundo o previsto no artigo 38º.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. A data de entrada válida é a de entrada nalgún dos rexistros anteriores. Para os efectos deste cómputo non ten validez a data de saída do rexistro do centro de ensino. De enviar a documentación mediante o servizo de correos, será necesaria a súa presentación en sobre aberto para que o funcionario do servizo postal poida selala e facer constar a data de presentación antes de certificarla.

## 7. Documentación que se xuntará á solicitude.

Á solicitude xuntarase a seguinte documentación:

7.1. Copia impresa do proxecto, asinada polo coordinador ou coordinadora do equipo de dinamización da lingua galega, co visto e prace do director ou directora do centro. O proxecto deberá analizar a realidade concreta do centro e, a partir dela, establecer os obxectivos e deseñar as actividades que permitan modificar a situación de partida. Desenvolverá os seguintes puntos:

a) Breve estudo sociolingüístico actualizado atendendo:

- Ao contorno sociolingüístico do centro.
- Á situación do profesorado.
- Á situación do alumnado.
- Á situación lingüística do centro.

b) Descrición de obxectivos adecuados a cada un dos catro puntos anteriores.

c) Descrición detallada das actividades de dinamización lingüística para cada un dos obxectivos propostos.

7.2. Cadro resumo de actividades asinado polo coordinador ou coordinadora, co visto e prace do director ou directora do centro, no que figure expresamente o compromiso de desenvolvemento das actividades programadas no caso de obter o financiamento. No cadro teñen que constar de forma resumida a temporalización, o nome da actividade, responsable/s, destinatarios/as e departamento/s a que pertencen, así como o orzamento previsto. O modelo deste cadro resumo figura no anexo II desta resolución.

7.3. Certificación bancaria, selada e asinada pola entidade correspondente, na que consten os datos da conta do centro en que se solicita o ingreso da axu-

da, se é a primeira vez que recibe este financiamento da Xunta de Galicia.

7.4. Anexo III de declaración de axudas solicitadas e concedidas para o mesmo proxecto.

7.5. Acreditar, con anterioridade a que se dite a proposta de resolución e con anterioridade a proceder ao pagamento, que se está ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

## 8. Procedemento.

Recibidas as solicitudes nos gabinetes provinciais de normalización lingüística desta secretaría xeral, revisarase a documentación e, se se apreciasen erros ou omisións, comunicaráselles aos solicitantes para a súa emenda, de acordo co previsto no artigo 71º da Lei 30/1992.

## 9. Análise e cualificación dos proxectos.

Comisión de cualificación. Unha vez completos os expedientes administrativos, procederá a cualificación dos proxectos que resulten admitidos por seren presentados en tempo e forma. Con este fin, constituirase en cada gabinete provincial desta secretaría xeral unha comisión provincial integrada por:

Presidencia:

-O xefe ou a xefa do gabinete provincial de normalización lingüística.

Vogais:

-O coordinador ou coordinadora provincial dos equipos de dinamización da lingua galega.

-Un/unha representante da Inspección Educativa, que será designado/a polo xefe ou xefa territorial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

-Un/unha especialista en planificación lingüística, designado/a pola Secretaría Xeral de Política Lingüística. Cando o número de proxectos o aconselle, poderán designarse ata 3 especialistas máis por comisión.

-Un profesor ou profesora con experiencia nos equipos de dinamización da lingua galega, designado/a pola Secretaría Xeral de Política Lingüística.

-Secretaría: desenvolverá estas funcións un funcionario ou funcionaria do gabinete ou delegación territorial.

No seo das comisións provinciais, poderanse constituír unha ou varias comisións técnicas para facilitar a análise polo miúdo dos proxectos.

Homoxeneización de criterios. Coa finalidade de homoxeneizar a aplicación dos criterios de valoración con anterioridade ao inicio das sesións das comisións provinciais, na Secretaría Xeral de Política Lingüística levarase a cabo unha sesión conxunta en que participen o presidente/a e o/a coordinador/a de cada comisión provincial e un técnico da Secretaría Xeral de Política Lingüística, para a valo-

ración en común de cinco proxectos de cada unha das provincias elixidos ao chou.

#### 10. Criterios para a cualificación dos proxectos.

Para a concesión de incentivos de apoio ao financiamento dos proxectos de fomento do uso do galego, as comisións terán en conta fundamentalmente a calidade do proxecto e ponderarase o número de estudantes do centro.

10.1. A calidade do proxecto terá un peso do 80%. Quedarán desestimadas aquelas solicitudes que non reúnan un mínimo de 6 puntos nesta epígrafe. A porcentaxe do 80%, correspondente á calidade, será puntuada de 0 a 24 puntos. As variables que se avaliarán coas respectivas puntuacións serán as seguintes:

a) Implicación activa dos membros da comunidade no proxecto (pais/nais, profesorado de distintos departamentos, alumnado de distintos ciclos, etapas e niveis, así como persoal de administración e servizos): de 0 a 3 puntos.

b) Orixinalidade nas propostas para incidir nos usos reais, orais e escritos, da comunidade educativa: de 0 a 3 puntos.

c) Potenciación das competencias activas sobre as pasivas, con especial atención a aquelas que fomenten a oralidade: de 0 a 3 puntos.

d) Utilización de novas tecnoloxías: de 0 a 3 puntos.

e) Colaboración con outras institucións, entidades ou asociacións externas ao centro, co obxectivo de potenciar o uso da lingua galega fóra do centro: de 0 a 3 puntos.

f) Colaboración con outros centros educativos no deseño da planificación lingüística e/ou realización de actividades: de 0 a 3 puntos.

g) Realización de actividades plurianuais: de 0 a 3 puntos.

h) Diversificación de actividades ao longo do curso, número e coherencia entre estas e os obxectivos correspondentes: de 0 a 3 puntos.

10.2. O número de estudantes terá un peso do 20%. A cada centro concederánselle 0,30 puntos por cada 50 estudantes ou fracción, ata un máximo de 6 puntos.

#### 11. Contías máximas por proxecto.

a) O financiamento máximo que poderán recibir os centros cunha matrícula superior a 50 alumnos e alumnas é de 2.000 €.

Aos proxectos destes centros que contén con 20 puntos ou máis no número 10.1 outorgaráselles automaticamente a cantidade máxima permitida de 2.000 €.

b) O financiamento máximo que poderán recibir aqueles centros con matrícula comprendida entre 25 e 50 alumnos e alumnas é de 500 euros.

c) O financiamento máximo que poderán recibir aqueles centros con matrícula inferior a 25 alumnos e alumnas é de 350 euros.

12. Criterios para a repartición das axudas concedidas.

Unha vez que as comisións provinciais avalíen e establezan a puntuación que ten cada proxecto, e tras descontar as axudas máximas concedidas, se as houber, establecidas na alínea a) do número anterior, fixarase un valor económico por punto obtido nos proxectos. A multiplicación dese valor polo total de puntos acadados por cada proxecto dará como resultado a contía económica da axuda que recibirá cada un, que en ningún caso poderá exceder as contías máximas establecidas no punto 11 nin o custo total do proxecto.

#### 13. Proposta de resolución.

Rematadas as sesións, as comisións provinciais elaborarán a listaxe coa puntuación outorgada a cada proxecto e a xefatura de gabinete de normalización lingüística correspondente formulará unha proposta de resolución de adxudicación do financiamento de cada proxecto.

Estas propostas faranse públicas na web [www.xunta.es/linguagalega](http://www.xunta.es/linguagalega). Nelas expresarase a contía proposta para cada proxecto admitido, así como as causas que determinaron a exclusión das restantes solicitudes. Os centros interesados disporán de 10 días hábiles para formular as alegacións que consideren oportunas sobre esta proposta ante a xefatura de gabinete de normalización lingüística.

#### 14. Resolución.

Ao abeiro da disposición adicional da Orde do 22 de abril de 2010 de delegación de competencias nos órganos superiores, delégase nos/as respectivos/as xefes/as territoriais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria a competencia para resolver a convocatoria, asignar o financiamento definitivo a cada proxecto e pagar os importes correspondentes a cada centro de ensino adxudicatario da súa provincia.

A resolución definitiva publicarase no *Diario Oficial de Galicia* e na web [www.xunta.es/linguagalega](http://www.xunta.es/linguagalega), logo da fiscalización conforme da fase de disposición do gasto por parte das intervencións provinciais.

Contra a resolución de concesión cabe interpoñer recurso de reposición no prazo dun mes ante o órgano que a ditou, é dicir, a xefatura territorial correspondente.

As solicitudes entenderanse desestimadas de non recaer resolución expresa no prazo de seis meses, contados a partir da publicación desta convocatoria no DOG.

#### 15. Xustificación de gastos.

A data límite para a xustificación dos gastos correspondentes aos centros que obtiveron financiamento mediante esta convocatoria para o curso 2010-2011 é o 1 de xullo de 2011. Deberá presentarse ante os gabinetes provinciais de normalización lingüística.

A forma de presentación é a mesma que a sinalada no punto 6, a propósito da presentación das solicitudes.

A xustificación de gastos incluíra a seguinte documentación:

a) Unha memoria descritiva e gráfica en que, por unha banda, se analice en detalle o desenvolvemento de cada unha das actividades para as que se concedeu a asignación económica e, por outra, se relacione cada gasto en que se incorreu coa actividade do proxecto a que vai imputado.

Esta memoria deberá dar conta dos cambios realizados con respecto á programación inicial e nela avaliarase, ademais, a consecución ou non dos obxectivos previstos e propóranse actuacións de mellora para vindeiros proxectos.

b) Facturas orixinais correspondentes ao ano 2011 e xustificación acreditativa do seu pagamento, ou copias compulsadas expedidas a nome do centro educativo. Tanto nunhas coma noutras deberase expresar, de xeito explícito, o concepto e a súa relación coas actividades programadas. Non se admiten facturas compulsadas polo propio centro educativo.

c) Xunto coas facturas enviarase unha relación de todas elas nas cales se especifique: emisor, número de factura e importe dela.

d) Declaración complementaria do conxunto de axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas, como as pendentes de resolución, para o mesmo proxecto a outras administracións ou entes públicos.

e) Copia do CIF do centro.

16. Perda do dereito ao cobramento do financiamento.

O centro perderá o dereito ao cobramento do financiamento concedido polas seguintes causas:

-Xustificacións presentadas fóra do prazo (con posterioridade ao 1 de xullo de 2011).

-Non realización das actividades e/ou incumprimento dos fins, obxectivos ou variación substancial na realización do proxecto, sen o xustificar debidamente.

-Incumprimento do requisito previsto no punto 3 desta convocatoria sobre o uso correcto do galego e o respecto á toponimia oficial.

17. Pagamento.

O pagamento non poderá ser superior á contía concedida na resolución da convocatoria, nin aos gastos realmente realizados, de seren estes inferiores ao importe concedido.

Os pagamentos serán efectuados a través das respectivas xefaturas territoriais da Consellería Educación e Ordenación Universitaria.

18. Perda ou modificación da subvención.

Estarase obrigado ao reintegro, total ou parcial, da subvención no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión e á modificación da subvención como consecuencia da altera-

ción das condicións que se tiveron en conta para a súa concesión.

19. Seguimento e avaliación da realización dos proxectos.

O seguimento e a avaliación da realización dos proxectos de fomento da lingua galega que presenten os equipos será realizado polos coordinadores e coordinadoras territoriais sobre a base das memorias de xustificación.

20. Desconcentración de créditos.

Para unha máis eficaz xestión, a Secretaría Xeral de Política Lingüística desconcentrará os créditos necesarios para sufragar os gastos desta convocatoria nas correspondentes xefaturas territoriais da Consellería Educación e Ordenación Universitaria, nas que teñen establecida a súa sede os gabinetes de normalización lingüística de cada provincia.

21. O conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria poderá ditar, no ámbito das súas competencias, as instrucións e aclaracións precisas para o desenvolvemento desta resolución.

22. Normativa aplicable.

A esta orde seranlle de aplicación as normas básicas do texto articulado da Lei 38/2003, do 17 de novembro (BOE do 18 de novembro), xeral de subvencións e o seu desenvolvemento; a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG nº 121, do 25 de xuño); o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007; e, no que non se opoña, o Decreto 287/2000, do 21 de setembro.

23. Esta convocatoria tramítase ao abeiro das ordes da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998, do 27 de novembro de 2000, e do 25 de outubro de 2001, polas que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto, con base nas previsións de dotacións orzamentarias que figuran no proxecto de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2011, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión extraordinaria do 19 de outubro de 2010. De acordo con isto, a convocatoria queda sometida á condición suspensiva de que exista crédito adecuado e suficiente para financiar as obrigas que dela derivan na Lei de orzamentos xerais da comunidade autónoma para o ano 2011.

24. Contra esta orde caberá interpoñer recurso de reposición, no prazo dun mes, perante a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria ou, directamente, o recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, contados os prazos, en ambos os dous casos, desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2011.

Jesús Vázquez Abad  
Conselleiro de Educación e Ordenación  
Universitaria



**XUNTA DE GALICIA**  
 CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
 E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
 Secretaría Xeral de Política Lingüística

## ANEXO I

PROCEDEMENTO <b>FINANCIAMENTO PARA OS PROXECTOS DE FOMENTO DO USO DO          GALEGO DOS CENTROS PRIVADOS DE GALICIA QUE IMPARTEN ENSINO          REGRADO DE NIVEL NON UNIVERSITARIO</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>ED101A</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
---	---	--------------------------------

NOME DO CENTRO EDUCATIVO		Nº UNIDADES	Nº ALUMNOS/AS CURSO 2010/2011
TITULAR DO CENTRO		NIF / CIF	
ENDEREZO	PROVINCIA	CONCELLO	
LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	CORREO ELECTRÓNICO

Don/Dona  coordinador/a do equipo de dinamización da lingua galega do centro antes mencionado.

**SOLICITA:**

Axuda económica para levar a cabo as actividades que se mencionan no proxecto que se xunta a esta solicitude, acolléndose ao disposto na orde da Secretaría Xeral de Política Lingüística, pola que se anuncia a convocatoria de subvencións económicas para o financiamento de proxectos de fomento do galego dos equipos de dinamización da lingua galega dos centros de ensino privados en Galicia.

CANTIDADE SOLICITADA  euros.

De conformidade coas epígrafes 3 e 4 do artigo 13º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44º e 45º da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, publicaranse no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web oficial a relación de beneficiarios e o importe do financiamento concedido ao abeiro desta orde. Incluirase igualmente o dito financiamento e as sancións, que puidesen impoñerse, nos correspondentes rexistros públicos. A presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos persoais dos beneficiarios e a referida publicidade.

Así mesmo, en cumprimento do disposto no artigo 5º da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais recollidos nesta solicitude se incorporarán a un ficheiro que ten como única finalidade a xestión deste procedemento. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, poderá exercelos ante este organismo (o enderezo figura ao pé desta solicitude).

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Orde do 12 de xaneiro de 2011 pola que se anuncia a convocatoria de subvencións para a presentación de proxectos de fomento do uso do galego dos centros de titularidade privada de Galicia que imparten ensinanzas regradas de niveis non universitarios para o curso escolar 2010-2011 (ED101A).</i>		(Para cubrir pola Administración) RECIBIDO <input type="text"/> REVISADO E CONFORME <input type="text"/>		NÚMERO DE EXPEDIENTE <input type="text"/> DATA DE ENTRADA <input type="text"/> DATA DE EFECTOS <input type="text"/> DATA DE SAÍDA <input type="text"/>
SINATURA DO/DA COORDINADOR/A DO EQUIPO  <i>Lugar e data</i>  , de de		VISTO E PRACE DO/A DIRECTOR/A DO CENTRO    		

Gabinete de Normalización Lingüística de   
 Xefatura territorial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

ANEXO II

Cadro-resumo da actividade

Temporalización	Título actividade (incluídas as que non teñen custo económico)	Responsable/s e departamento/s a que pertence	Destinatarios/as	Orzamento

O/A coordinador/a do proxecto

Nome e apelidos:

Visto e prace  
O/A director/a do centro

ANEXO III

Declaración de axudas solicitadas e concedidas para o mesmo proxecto

D./D<sup>a</sup> \_\_\_\_\_ con DNI nº \_\_\_\_\_  
 en nome ou representación do centro de ensino \_\_\_\_\_ con CIF \_\_\_\_\_

declara, baixo a súa responsabilidade (sinalar cun X o que proceda):

- Non ter solicitado outras axudas para o proxecto obxecto da solicitude.
- Ter solicitado axudas ou subvencións dos organismos que se mencionan a continuación para o proxecto obxecto da solicitude.

CONVOCATORIA	ORGANISMO	S/C/P	IMPORTE €

Así mesmo, comprométo-me a comunicarlle ao Gabinete de Normalización Lingüística de \_\_\_\_\_ calquera nova solicitude, concesión ou pagamento que se produza con posterioridade a esta declaración e, en todo caso, antes do cobramento da/s axuda/s correspondente/s a esta solicitude.

Igualmente, declaro baixo a miña responsabilidade non estar incurso/a en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiaria/o recollidas no artigo 10º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

E para que conste, para os efectos oportunos, asino esta declaración.

\_\_\_\_\_, de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

(sinatura e selo da entidade)

1 Indicar a orde de convocatoria da axuda ou subvención para a que se solicitaron ou recibiron axudas doutros organismos.  
 2 Indicar a situación actual da axuda: S (Solicitada), C (Concedida), P (Pagada).